

## Declaración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 175 anos despois do seu nacemento

Galiza, 24 de febreiro de 2012

Hoxe Rosalía  
como berro que reclama e revive en presente atemporal a reivindicar a  
presenza de lingua e identidade en todos os recunchos do noso país.

Hoxe Rosalía  
porque é man acolledora que vincula o pasado co futuro, mentres fai de nós  
presente.

Hoxe Rosalía  
que devolveu aos devanceiros un pensamento nacional adormecido durante  
séculos para colocalo de novo no rolda das culturas europeas.

Hoxe Rosalía  
quen, ás portas da completa descuberta do tesouro literario medieval, nun  
momento no que o pobo só conserva teimudamente unha lingua de raíz  
popular, da que descoñece toda a riqueza e todo o potencial culto, consegue  
erguer os valores identitarios, a estima dun pobo empobrecido e o seu teito  
cultural.

Hoxe Rosalía  
inspirada onte -para conformar a palabra creadora- no seu máximo construtor,  
o pobo, recreándoo desde as cantigas populares dos *Cantares Gallegos*, o libro  
mellor acollido por unha sociedade que se recoñece nos seus versos, pero  
tamén coa súa propia voz, tendendo liñas galegas á literatura universal  
contemporánea, como é a atrevida e desacomplexada voz lírica que enovela as  
*Follas Novas*.

Hoxe Rosalía

porque máis aló da súa importancia simbólica fundacional na historia da literatura, ela é fundamental na nosa cultura pola súa faceta visionaria. Nun momento no que o movemento político máis puxante da galegitude e do seu propio círculo persoal é o Rexionalismo, a obra de Rosalía impulsa nos seus temas aspiracións metafísicas e políticas que o sobordan amplamente e se adiantan case un século ao seu desenvolvemento efectivo.

Hoxe Rosalía

porque foi quen de cantar máis aló das frores para asumir a conciencia da voz da maioría social galega, feble, empobrecida, silenciada, invisibilizada polo poder omnímodo que despreza o singular, individual, o propio, e deveza polo seu engulimento nun ermo de pensamento homoxéneo.

Hoxe Rosalía

porque soubo partir, a contrafío, da idea revolucionaria da necesidade e autoobriga de empregar para a creación de alta literatura unha lingua feita de menos, minusvalorada e estereotipada en clave intencionadamente negativa, tocando cuestións morais que acompañarán á galegitude no seu paso pola historia.

Hoxe Rosalía

pola súa visión do dereito á xustiza persoal, da situación subalterna das mulleres ou da explotación do pobo galego arrastrado fóra da súa terra por políticas alleas... desde a aposta por unha obra que coloca os galegos ao carón dos explotados do grande teatro do mundo.

Hoxe Rosalía

como canto universal que ergue a voz no nome dos oprimidos e que serve como sinal-vieiro para estes comezaren a erguerse e botar a camiñar.

E así,

cun ollo posto no pobo que pedía cantar á meniña gaitreira, e o outro no porvir da man da xustiza que depara o mañá, Rosalía, facho alentador, segue marcando hoxe o ritmo dos nosos pasos.

*Antía Otero e Mario Regueira*  
*Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*